



# PROCEDIMENTO 2º CICLO E SUCESIVOS DO CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

## ÍNDICE

1. Participei no ciclo anterior do concurso aberto e permanente. Debo rexistrar de novo un formulario de inscrición?.....	2
2. Como accedo ao formulario de inscrición do novo ciclo?.....	3
3. Debo entregar de novo a documentación que acredita a capacidade funcional ou a conciliación?.....	4
4. Cal é o prazo para realizar as modificacións no formulario de inscrición?.....	5
5. Como podo desistir da miña solicitude no concurso de traslados?.....	5
6. Podo presentar novos méritos?.....	6
7. Podo participar no novo ciclo no caso de ser adxudicatario/a dun destino no último concurso?.....	6
8. Participo dende unha praza en propiedade noutro servizo de saúde distinto ó Servizo Galego de Saúde. Debo achegar de novo a documentación dos requisitos de participación?.....	6
Para máis información sobre o concurso de traslados aberto e permanente:.....	7
Para resolver as súas dúbidas sobre este proceso:.....	7

## **1. Participei no ciclo anterior do concurso aberto e permanente. Debo rexistrar de novo un formulario de inscrición?**

A solicitude de participación no concurso de traslados estará vixente para o seguinte ciclo no caso dos/das profesionais que participaran no concurso de traslados aberto e permanente no ciclo anterior e **non resultaron adxudicatarios/as dalgún dos destinos solicitados.**

**Vixencia. Unha vez presentada, a solicitude de participación manterá a súa vixencia nos sucesivos ciclos anuais de adxudicación ata que o/a profesional resulte adxudicatario/a dalgún dos destinos seleccionados, sen prexuízo da posibilidade de desistencia ou modificación nos termos que se indican nesta regulación.**

Os/as profesionais que resultaron excluídos/as por non cumprir o requisito de antigüidade no último destino definitivo mínima dun ano ou por non ter seleccionado ningún destino, tamén disporán do seu formulario de inscrición no concurso vixente para o seguinte ciclo.

**Polo tanto, se se atopa nalgún dos casos anteriores non é preciso que rexistre un novo formulario.**

Debe saber que a inscrición no concurso aberto e permanente aplicará no seguinte ciclo anual coa última selección de prazos efectuada por vostede. Pode realizar as modificacións nos prazos establecidos.

## Se non desexa participar no novo ciclo de concurso de traslados DEBE DESISTIR da mesma.

### 2. Como accedo ao formulario de inscrición do novo ciclo?

Para visualizar o formulario debe acceder ao Fides/expedient-e no apartado de procesos e na parte inferior da pantalla pode ver a **súa inscrición no proceso que aplicará para o novo ciclo anual**.

CONCURSO TRASLADO									
CATEGORÍA									
	CONVOCATORIA	FASE PROCESO	DATA FASE			ESTADO	RESULTADO		
CELADOR/A									
	Concurso Traslados Aberto Permanente	LISTA DEFINITIVA	15/10/2018			VALIDADA			
	Concurso Traslados Aberto Permanente	INSCRICIÓN EDITABLE ?	15/01/2019			VALIDADA			

Esta inscrición estará en **estado EDITABLE ata o 15 de xaneiro**, para que realice as modificacións que desexe e que aplicarán ao novo ciclo do concurso de traslados.

Para acceder ao contido editable do formulario prema na opción de visualizar:

CONCURSO TRASLADO									
CATEGORÍA									
	CONVOCATORIA	FASE PROCESO	DATA FASE			ESTADO	RESULTADO		
CELADOR/A									
	Concurso Traslados Aberto Permanente	LISTA DEFINITIVA	15/10/2018			VALIDADA			
	Concurso Traslados Aberto Permanente	INSCRICIÓN EDITABLE ?	15/01/2019			VALIDADA			

Unha vez que visualiza o formulario, pode modificar tanto a selección de destinos como outros apartados do formulario relativos á conciliación da vida familiar e laboral e capacidade funcional.

Para agregar novos destinos lembre que debe marcar o destino e premer en agregar:



SELECCIÓN DE PRAZAS ?

SELECCIONAR TODOS FILTRAR

CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	CONCELLO	ÁREA SANITARIA	QUENDA	CÓDIGO
Sinale unha	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Sinale unha	Sinale unha	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> COX de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Valdeorras	BARCO DE VALDEORRAS, O	BARCO	-	0320400040
<input checked="" type="checkbox"/> EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Verín	VERIN	OURENSE	-	0329900040

**AGREGAR**

Para eliminar destinos, debe premer na opción da papeleira:

	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	CONCELLO	ÁREA SANITARIA	QUENDA	
1	EOXI de A Coruña	OLEIROS PAC	OLEIROS	CORUÑA	PAC	

Non se esqueza de ordenar os destinos segundo a súa preferencia.

Unha vez realizadas as modificacións, debe premer no botón de **MODIFICAR** situado na parte inferior da pantalla e **acceder á plataforma de sinatura electrónica para asinar ditos cambios**.

**Só se admitirá en cada ciclo de adxudicación a última modificación na selección de prazas que se presente por REXISTRO ELECTRÓNICO, dentro do prazo establecido.**

### **3. Debo entregar de novo a documentación que acredita a capacidade funcional ou a conciliación?**

Debe achegar documentación que acredite as condicións relativas á conciliación da vida laboral e familiar ou a capacidade funcional **só no caso de existir modificación de ditas condicións**. Debe dirixir esta documentación á Unidade de Validación á que dirixiu a solicitude de participación no concurso.

No caso de non existir modificacións en ditos apartados non é preciso que achegue de novo a mesma documentación.

**A Administración poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito, aínda que conste validado.**

#### **4. Cal é o prazo para realizar as modificacións no formulario de inscrición?**

Se desexa modificar os destinos seleccionados ou calquera outro apartado do formulario relativo á capacidade funcional, conciliación da vida laboral e familiar, etc. ten de prazo **ata o 15 de xaneiro**.

Para a **modificación dos destinos exclusivamente**, terá tamén un prazo de 15 días naturais seguintes á publicación no Diario Oficial de Galicia (1º trimestre do ano) da oferta de prazas correspondente a cada ciclo anual de adxudicación.

**Esta modificación deberá presentarse por REXISTRO ELECTRÓNICO, consignando a súa sinatura dixital.**

#### **5. Como podo desistir da miña solicitude no concurso de traslados?**

No caso de que desexe **DESISTIR da súa participación** no concurso aberto e permanente no próximo ciclo anual, pode realizalo deixando no seu formulario de inscrición os destinos seleccionados en branco.

**Lembre que o destino adxudicado será irrenunciable** agás que a renuncia estea motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración pública ou servizo de saúde.

## 6. Podo presentar novos méritos?

Ten de prazo **ata o 15 de xaneiro** para a presentación de novos méritos que previamente debe rexistrar no Fides/expedient-e. Os méritos que se valoran son os causados ata o 15 de decembro do ano anterior a cada ciclo.

## 7. Podo participar no novo ciclo no caso de ser adxudicatario/a dun destino no último concurso?

No caso de resultar adxudicatario/a dalgún dos destinos seleccionados no último concurso de traslados, **a solicitude de inscrición será automaticamente dada de baixa**. Para poder participar en próximos ciclos de adxudicación deberá presentar unha nova solicitude.

Teña en conta que segundo a normativa vixente, para poder participar nun novo concurso de traslados requírese que tomase posesión da praza estatutaria desempeñada cun ano de antelación como mínimo, á data límite de cumprimento dos requisitos de participación (15 de xaneiro para cada ciclo anual).

## 8. Participo dende unha praza en propiedade noutro servizo de saúde distinto ó Servizo Galego de Saúde. Debo achegar de novo a documentación dos requisitos de participación?

Se vostede participa dende unha **praza en propiedade noutro servizo de saúde distinto ó Servizo Galego de Saúde**, debe comprobar que son correctos os **datos de situación administrativa** rexistrados no seu formulario. No caso de realizar algunha modificación debe comunicar á unidade de validación a que dirixiu a solicitude de participación no concurso o cambio na situación administrativa reflectida no formulario de inscrición, achegando a documentación que proceda.

En todo caso debe presentar **certificado actualizado de servizos prestados** dirixido á mesma Unidade de Validación da inscrición, rexistrando os períodos no apartado de “outra experiencia” do Expedient-e.

**Non é preciso achegar outra documentación acreditativa** -nomeamento, toma de posesión, resolución de excedencia- no caso de non existir variación na situación administrativa e ter acreditado dita situación no anterior ciclo de concurso de traslados.

### **Para máis información sobre o concurso de traslados aberto e permanente:**

Consulte á páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) – Emprego Público- Concurso de traslados- Concurso de traslados aberto e permanente (<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/Concurso-de-traslados-aberto-e-permanente>)

### **Para resolver as súas dúbidas sobre este proceso:**

Atenderémolo nas [Unidades de Validación](#) de cada Centro de xestión e tamén no enderezo de correo electrónico: [concurso.traslados@sergas.es](mailto:concurso.traslados@sergas.es)